

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMPO LAMEIRO

Subvencións e axudas

APROBACIÓN DEFINITIVA CONVOCATORIA DE AXUDAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Acordo do Pleno de data 2 DE DECEMBRO DE 2021 do Concello de CAMPO LAMEIRO polo que se aproba definitivamente a Convocatoria de axudas a sectores afectados pola situación pandémica do Concello de Campo Lameiro.

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario inicial aprobatorio das bases para a “Convocatoria de axudas a sectores afectados pola situación pandémica do concello de Campo Lameiro”, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CONVOCATORIA DE AXUDAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

ANTECEDENTES

A COVID-19 provocou unha fonda crise económica no conxunto do Estado e, en particular, no CAMPO LAMEIRO, unha situación sanitaria sen precedentes e con claras repercusións na economía e tecido empresarial, que levou a todo tipo de entidades públicas e/ou privadas, cada unha delas no ámbito das súas competencias, a intentar establecer mecanismos de compensación para atender ás múltiples necesidades xeradas por esta pandemia nos diversos sectores afectados.

O Concello de CAMPO LAMEIRO establece mediante esta proposta unha serie de axudas económicas para paliar, en parte, os gastos xerados polos sectores económicos (hostalería ou similares, sempre que sexan PEMES con ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os prexudicados por esta situación, poidan sufragar os gastos fixos realizados ou devengados entre o 14 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2021.

A creación desta liña de subvencións resposta á demanda que veñen solicitando os sectores afectados do noso municipio pala crise do COVID-19.



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

A aprobación desta normativa dotará de transparencia e seguridade xurídica a todo o procedemento de concesión que se porá en marcha, redundando de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencionable.

Tendo en conta canto antecede, e ó amparo da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de Subvencións e mais o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, e da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Campo Lameiro convoca unha liña de axudas encamiñadas ao apoio económico e sostemento do sector do comercio local conforme as seguintes

BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AXUDAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Sobre a base destes antecedentes, formúlase a presente convocatoria de axudas directas aos sectores económicos (hostalería ou similares, sempre que sexan PEMES ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viran afectada a súa actividade durante a pandemia, recollidos no Anexo II da presente convocatoria.

PRIMEIRA. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Con carácter xeral, o obxecto desta liña de axudas municipais busca paliar en parte a perda de ingresos dos sectores afectados pola crise da COVID-19, como pode ser hostalaría ou similares, sempre que sexan PEMES con ata 10 persoas empregadas e autónomos.

A finalidade é promover, reactivar e contribuír ao mantemento da actividade económica, o emprego e a competitividade dos sectores citados para que poidan facer fronte ás consecuencias da pandemia producida polo COVID-19, especialmente a aquelas relacionadas coa paralización da actividade e a forte diminución da súa actividade en aplicación das distintas medidas restritivas de protección fronte ao COVID 19, principalmente as establecidas no Decreto 8/2021, de 26 de xaneiro, da Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e da Orde de 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de sanidade e as súas posteriores modificacións, e tendo en conta a normativa de desenrolo que afecte as actividades obxecto destas bases.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicitar estas axudas as persoas integradas nos seguintes colectivos:

****** Autónomos e PEMES con ata dez persoas empregadas, que cumpran os requisitos seguintes:

-Que se esté dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, salvo que non sexa de obrigado cumprimento.

-Que a actividade estivese pechada un mínimo de dous meses durante o ano 2020/2021 debido ás medidas restritivas de protección fronte ao COVID19.



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

-Que as pequenas empresas e/ou autónomos teñan o seu domicilio fiscal en CAMPO LAMEIRO.

Dada a natureza extraordinaria, tanto das actuacións subvencionables destas bases reguladoras como da situación de estado de alarma e emerxencia sanitaria da que derivan e que provocou que a meirande parte de persoas autónomas e empresas solicitaran aprazamento das súas obrigas tributarias, fronte a Seguridade Social ou á CCAA ou mesmo non poidan afrontar transitoriamente a súa satisfacción puntual, de acordo co establecido no artigo 10.2 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e art. 13.2 da Lei Xeral de Subvención, se exime ás persoas beneficiarias desta subvención do requisito de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte da SS e á Administración Pública da CA e o Concello de Campo Lameiro no momento da concesión da axuda, sempre que se dea a seguinte circunstancia, que deberá acreditarse perante a declaración responsable que figura no anexo 11 da presente convocatoria:

** Que a persoa beneficiaria se comprometa a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de Campo Lameiro no prazo de 30 días dende o abono da axuda.

O Concello non compensará da axuda a existencia de débedas con esta Administración Local, Seguridade Social, Facenda e AEAT. Unicamente se comprobará a existencia de licenza municipal, comprobación que as persoas solicitantes aceptan de xeito expreso.

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

Con carácter xeral, consideraranse subvencionables os seguintes gastos relacionados coa actividade da empresa, realizados e efectivamente pagados entre o 14 de marzo de 2020 e a data de presentación da solicitude de axuda.

- Alugueros (bens mobles e inmobles)
- Subministración: Luz, auga, electricidade, saneamento
- Seguros de responsabilidade civil e accidentes
- Compra de mercadorías relacionadas coa actividade
- Gastos derivados dos salarios do persoal contratado por conta allea excluídas as retencións.
- Gastos financeiros directamente relacionados coa actividade

En virtude do artigo 29.8 da lei 9/2007, non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda ou os xuros debedores de contas bancarias.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado para outros fins.

Esíxese un mínimo de 400 euros (IVE excluído) de gastos xustificadas para poder concorrer a esta convocatoria.



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de tarxeta. Non se aceptan gastos pagados en efectivo.

CUARTA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda será compatible con calquera outra concedida polas distintas administracións públicas con competencia neste eido, sempre que non superen o custo total dos gastos subvencionables.

QUINTA. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

O importe da subvención para cada colectivo é o seguinte:

**** Actividades obrigadas ao peche:**

- Un máximo 500 euros para titulares dunha actividade ou único establecemento obrigado ao peche da actividade.
- Un máximo 700 euros para titulares de dúas ou máis actividades ou establecementos obrigados ao peche da actividade.

**** Actividades non obrigadas ao peche, con baixada de facturación:**

- Un máximo de 300 euros para titulares dunha actividade ou único establecemento con local físico con atención ao público que sufriran baixada de facturación, na porcentaxe establecida na Base TERCEIRA da Convocatoria
- Un máximo 500 euros para titulares de máis de un establecemento con local físico con atención ao público que sufriran baixada de facturación, na porcentaxe establecida na Base TERCEIRA da Convocatoria

O aboamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase polo total do importe da axuda concedida, mediante ingreso na conta corrente da que se achegará certificado de titularidade no momento da solicitude.

SEXTA. FINANCIAMENTO

Para o exercicio 2021, o importe máximo destinado ás axudas ascenderá a 5.296,93 €, conforme á asignación que corresponde ó Concello de Campo Lameiro dentro do Plan Concellos 2021 – liña 2, da Deputación Provincial de Pontevedra.

O Concello de Campo Lameiro ten concedidas axudas con anterioridade polo importe de 9.000,00€ en virtude de convenio asinado coa Xunta de Galicia.

Esta axuda é compatible coas axudas concedidas ao sector da hostalaría afectados polos peches obrigados por causa da COVID 19 da Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Campo Lameiro.



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

En aplicación do artigo 58.2 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de subvencións, no caso de establecer unha contía adicional á súa concesión non requirirá dunha nova aprobación de bases.

SEPTIMA. PRINCIPIOS DE XESTIÓN

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

* Publicidade, concorrencia non competitiva, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

* Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados nas bases da convocatoria

* Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas aplicándose os prazos para subsanación de solicitudes .

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no BOPPO e na sede electrónica do concello.

OITAVA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes de subvención dirixiranse ao Alcalde e presentaranse a través da Sede electrónica do Concello (campolameiro.org).

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación desta convocatoria no BOPPO e na sede electrónica do concello.

A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados que estarán publicados na sede electrónica do Concello DE CAMPO LAMEIRO.

A) Solicitude segundo o modelo incluído como ANEXO I

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

- NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade.
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
- Certificación de IAE



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

- Certificado de titularidade de conta bancaria.
- Acreditación da sede fiscal.

B) Declaración responsable, de obrigatoria formalización, segundo o modelo incluído como (ANEXO II)

Conterá os seguintes apartados:

1.—Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.

2.—Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.

3.—Que, dende a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 16- bis, 26/01/2021) procedeu ao peche temporal da súa actividade habitual do negocio do que titular e/ou cotitular.

4.—Que aínda non estando a súa actividade obrigada ao peche, tivo unha baixada de facturación de alo-menos un 30 por cento comparando os datos de facturación do ano 2020 cos do ano 2019

5.—Que a súa actividade se desenvolve dentro do termo municipal de Campo Lameiro.

6.—Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.

7.—Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de CATRO meses dende a recepción desta subvención.

8.—Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.

9.—Que se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de CAMPO LAMEIRO unha vez lle sexa aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases.

Tendo en conta o establecido nas Bases da presente convocatoria, o Concello non compensará da axuda a existencia de débedas con esta Administración Local, Seguridade Social, Facenda e AEAT. Unicamente se comprobará a existencia de licenza municipal, comprobación que as persoas solicitantes aceptan de xeito expreso.



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

NOVENA. EMENDA DAS SOLICITUDES

A unidade tramitadora comprobará se a documentación presentada reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirirá a persoa interesada para que nun prazo de 10 días hábiles emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará a persoa ou entidade interesada desistida da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

Dito requirimento realizarase telematicamente, e mediante envío ao correo electrónico indicado para eses efectos nos anexos de solicitude de subvención, o interesado/a recibirá aviso de ter unha notificación á súa disposición na sede electrónica do Concello (campolameiro.org).

DÉCIMA. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle aos servizos administrativos do concello que elevará informe-proposta ó órgano de goberno competente, proponendo a estimación ou desestimación da solicitude formulada.

No caso de dúbida interpretativa respecto á contía ou respecto á condición de beneficiario da axuda por parte do solicitante, será o órgano competente quen decida.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións recollidas nesta convocatoria é non competitivo e axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e pola finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

A concesión das axudas realizarase mediante a comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados nestas Bases ata o esgotamento do crédito.

UNDÉCIMA. RESOLUCIÓN E RECURSOS

** O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos administrativos do concello.

** A resolución de concesión emitirase atendendo á documentación presentada e ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscrita polo persoa que a realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

** O prazo máximo para resolver e notificar é de 2 meses, que se computarán desde a data de peche do prazo de presentación de solicitudes no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

** As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e, contra elas, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

** No suposto de esgotamento do crédito, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución da Alcaldía publicarase o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e sede electrónica do concello, con indicación de que a dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela cabe interpor recurso contencioso administrativo ou poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición.

DUODÉCIMA. REINTEGRO VOLUNTARIO DAS SUBVENCIÓNS

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta que indicará o Departamento de Tesourería, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

A tal efecto presentarán escrito dirixido ao Alcalde informando da renuncia á axuda e solicitando o número de conta a efectos de reintegro.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar no rexistro do concello copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten os datos identificativos do titular da axuda concedida, a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente.

Neste caso os importes non abonados ou devoltos poderán adxudicarse a outras solicitudes que poderán quedar en lista de agarda.

DÉCIMO TERCEIRA. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Son obrigas das persoas beneficiarias das subvencións as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en especial as seguintes:

1. As empresas beneficiarias da axuda deberán manter a actividade empresarial durante un tempo mínimo de catro meses desde a concesión da subvención.
2. As persoas traballadoras autónomas beneficiarias da axuda deberán manter a alta no RETA durante un tempo mínimo de catro meses desde a concesión da subvención.
3. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán comunicarlle ao órgano concedente da subvención calquera modificación das condicións tidas en conta para a súa



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de calquera outra subvención, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

4. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que poderá efectuar o Concello e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, os Concellos deberán subministrar a información e a documentación, que en virtude das facultades de comprobación das subvencións, lles sexa requirida pola Deputación e no prazo establecido ao efecto.

5. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas) deben manter unha pista de auditoría suficiente e ter na contabilidade de xeito separado o ingreso da axuda percibida, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante os dous anos seguintes a súa concesión.

6. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos casos previstos nesta convocatoria.

7. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), estarán suxeitas a aquelas outras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Todas as persoas beneficiarias (físicas e xurídicas), deberán, obrigatoriamente, dar publicidade do financiamento do concello de CAMPO LAMEIRO e da Deputación de Pontevedra.

DÉCIMO CUARTA. SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará o cumprimento a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.

Para tales efectos, se é o caso, poderá subscribir contratos para a realización de programas de auditorías das axudas.

DÉCIMO QUINTA. PERDA DO DEREITO AS AXUDAS, REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obtención, falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedisen, dará lugar á perda do dereito ao cobramento da totalidade da axuda e ao seu reintegro. Esta circunstancia é constitutiva dunha infracción moi grave, segundo o artigo 53.a) da Lei 9/2007,



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

de subvencións de Galicia, e poderanse impoñer as sancións, recollidas no artigo 61.1 da mesma lei, de multa pecuniaria proporcional do dobre á tripla da cantidade indebidamente obtida.

DÉCIMO SÉTIMA. TRATAMENTO DOS DATOS

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: www.campolameiro.com.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos mesmos en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

DISPOSICIÓNS FINAIS

En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.

Esta convocatoria entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no BOPPO.



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

ANEXOS

ANEXO I MODELO DE SOLICITUDE

**SOLICITUDE AXUDASECONÓMICAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN
PANDÉMICA DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.**

DON/A:

D.N.I.

ENDEREZO:

TELÉFONO DE CONTACTO:

Documentación xeral:

- NIF/CIF/NIE da persoa física ou xurídica titular da actividade
- Alta como autónomo na Seguridade Social (RETA)
- Certificación de IAE
- Certificado de titularidade de conta bancaria.
- Acreditación da sede fiscal.

SOLICITO

- **Que se teña por presentada a solicitude de subvención.**

Asdo.

En Campo Lameiro, a de de 2021.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoales das Bases reguladoras e convocatoria das axudas para financiar o mantemento.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales e Garantía dos dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoales e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. Os datos persoales non serán comunicados a un terceiro, a en o ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal. Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar o cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento. Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica. Infórmaselle do dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/Jorge Juan, 6, 28001, Madrid (www.agdp.es). Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as persoas interesadas poderán facer constar na súa solicitude os seus dereitos a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario, en razón do obxecto da subvención, poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas, en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora. O documento debe ser datado e asinado electrónicamente polo solicitante ou representante legal

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:YRHOQTW9BASSEQ2P



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

ANEXO II MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE SOLICITUDE AXUDAS ECONÓMICAS A SECTORES AFECTADOS POLA SITUACIÓN PANDÉMICA DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

D/Dona :

DNI nº:

ENDEREZO:

CONCELLO:

DECLARA:

** Que coñece e acepta integramente o contido das bases desta convocatoria, cumprindo a totalidade de requisitos que nelas se recollen.

** Que perante a Seguridade Social, figura dado/a de alta como autónomo/a en calquera dos epígrafes das actividades que recollen estas bases.

** Que, dende a entrada en vigor da Orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 16- bis, 26/01/2021) procedín ao peche temporal da actividade habitual do negocio do que son titular e/ou cotitular.

** Que aínda non estando a súa actividade obrigada ao peche, tivo unha baixada de facturación de alo-menos un 30 por cento comparando os datos de facturación do ano 2020 cos do ano 2019.

** Que a empresa esta situada en CAMPO LAMEIRO con domicilio fiscal no referido Concello.

** Que solicita a concesión directa da axuda que lle corresponde segundo o establecido nestas bases.

** Que manterá a alta no seu réxime de Seguridade Social, por un mínimo de 4 meses dende a recepción desta subvención.

** Que comunicará de forma oficial ao Concello calquera modificación nos apartados anteriores.

** Que se compromete a poñerse ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, a Administración pública da Comunidade Autónoma e o Concello de CAMPO LAMEIRO unha vez lle sexa aboada a axuda concedida en aplicación das presentes bases.

Asdo.

En _____, a _____ de _____ de 2021.

SR. ALCALDE CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

Poden verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: YRHQQTW9BASSEQ2P



Venres, 11 de febreiro de 2022

Núm. 29

ANEXO III BENEFICIARIOS DAS AXUDAS.

Poderán ser beneficiarios das axudas reguladas na presente convocatoria os titulares das actividades seguintes, sempre e cando cumpran os restantes requisitos esixidos nas bases:

**** Actividades obrigadas ao peche segundo a Orde do 26 de xaneiro de 2021, pala que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19.**

Contra o presente Acordo¹, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de GALICIA con sede en A CORUÑA no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O ALCALDE

